



27 e 28 de abril  
2012

# Xornadas de Innovación Educativa.

IES Universidade Laboral, Culleredo




XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



## Innovando por competencias

Coa colaboración da Fundación Barrié **Fundación Barrié**



## ⇒ Venres 27 de abril

- 16:00 – 16:30 Recepción
- 16:30 – 16:45 Inauguración das xornadas
- 16:45 – 18:15 Conferencia inaugural: “As competencias básicas en España. Proposta europea e LOE”  
Florencio Luengo Horcajo
- 18:15 – 18:30 Descanso
- 18:30 – 20:00 Mesa redonda: “As competencias para a innovación. Da investigación ás aulas.”



## ⇒ Sábado 28 de abril

- 10:00 – 11:30 Experiencias educativas innovadoras
- 11:30 – 12:00 Descanso
- 12:00 – 12:30 Educabarrié. O portal educativo da Fundación Barrié
- 12:30 – 14:00 Conferencia: “A innovación educativa no contexto da educación do século XXI”  
Fernando Trujillo Sáez
- 16:00 – 17:30 Experiencias educativas innovadoras
- 17:30 – 18:00 Descanso
- 18:00 – 19:30 Conferencia: “Competencias e currículo. Unha nova racionalidade para a escola”  
Ángel I. Pérez Gómez
- 19:30 – 20:00 Clausura





## ⇒ As competencias para a innovación. Da investigación ás aulas

No século XXI, a innovación no campo da formación do profesorado non pode propoñerse sen abordar o desenvolvemento profesional e o compromiso do profesorado nun contexto social, político e económico marcado por un fenómeno propio da nosa época, a globalización. O deseño e o desenvolvemento curricular deben abordar o compromiso de integrar de forma crítica e dinámica as múltiples formas de xestión do coñecemento a partir das posibilidades que brindan as tecnoloxías da información e da comunicación. A innovación non pode concebirse separada da creatividade e ambas serían pouco consistentes sen a investigación. A innovación ten que ser intrínseca ao desenvolvemento profesional e, polo tanto, ao proceso formativo en canto compoñente cardinal daquel. É necesario establecer mecanismos para facilitala; non basta con esperar a que o compromiso que supón a profesión de educar sexa suficiente para xerar profesionais innovadores, creativos e cun alto desenvolvemento das súas competencias profesionais.


As competencias básicas permiten identificar aquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde un enfoque integrador e orientado á aplicación dos saberes adquiridos. O traballo nas materias do currículo para contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas débese complementar con diversas medidas organizativas e funcionais, imprescindibles para o seu desenvolvemento.



## ⇒ Participantes

- José Alberto Armada Rodríguez — *Asesor do Centro Autonómico de Formación e Innovación (moderador)*
- José Casas Freire — *CEIP Plurilingüe nº 1 de Tui*
- Nazaret Carrín Fernández e Beatriz Fernández Fernández — *IES Plurilingüe Fontem Albei*
- Jesús González Amillo — *CIFP Politécnico de Lugo*
- Isabel Serna Masiá — *Inspección educativa*





1

### **“Construíndo un centro educativo dende a investigación, a experimentación, a creación, a innovación e a convivencia”**

O experimento de María Vilas e Laura Calvo, Surfactantes en microgravidade, resultou finalista mundial do concurso Youtube Spacelab. Foron seleccionadas de entre os miles de proxectos presentados e gañaron na área que comprende Europa, África e Oriente Próximo. Pero non é o único proxecto premiado do CPI Plurilingüe dos Dices. A innovación educativa é un signo de identidade do centro.

JAVIER MÉNDEZ ZUNZUNEGUI - *CPI dos Dices, Rois*




2

### **“Outra educación é posible. Desenvolvemento de capacidades e traballo por proxectos na educación infantil”**

Proxecto premiado polo Ministerio de Educación, Cultura y Deporte co primeiro premio de innovación educativa “Empregando a prensa nunha aula de educación infantil de 4 anos: A arte e a imaxe a través da prensa”.

GISELA GARCÍA RON - *CEIP de Curtis*




3

### **“Mocidade emprendedora nos centros de formación profesional”**

FP Emprende é un programa que ten como fin último promover a inserción laboral do alumnado de formación profesional e a creación de emprego estable. O espírito emprendedor é un dos motores principais da innovación, a competitividade e o crecemento da economía.

BELISARIO SIXTO SAN JOSÉ - *CFP Ánxel Casal-Monte Alto, A Coruña*



4

### **“Italiano al dente. Creación dunha web didáctica...artesanal”**

Exemplo dun sitio web cociñado con ingredientes innovadores. Un sitio á medida do alumno e non só.

LICIA BERDINI MASSI - *Escola Oficial de Idiomas, A Coruña*

5

### **“Itinerando competencias básicas”**

Nos últimos anos desenvolven un amplo espectro de actividades destinadas a escolares, e levadas a cabo en bibliotecas públicas de toda a xeografía galega e nos centros educativos.

JUÁN CARLOS VÁZQUEZ OTERO - *GEORGY KORNAKOV VAN*



6

### **“O proxecto eTwinning. Modelo de innovación educativa mediante traballo colaborativo en rede cunha dimensión europea”**

O éxito de eTwinning ven avalado polo número de profesores e profesoras rexistrados (máis de 160.000) e a implantación como modelo de traballo colaborativo en rede e de desenvolvemento profesional ao longo dos 34 países europeos que participan no proxecto.

SUSANA VÁZQUEZ REGUEIRO - *CEIP Virxe do Portal, Sobrado*

7

### **“Traballo por proxectos. Desenvolvemento de competencias e interdisciplinariedade. Aproximación a unha práctica na ESO”**

O IES de Pastoriza ven desenvolvendo diferentes proxectos nos últimos tempos que o converten nun centro de referencia para a innovación educativa na nosa comunidade.

ANTONIA PASCUAL CARNICERO - *IES de Pastoriza, Arteixo*